

IV A visitante inoportuna

Á mañá seguinte decidín abandonar a investigación e concentrarme nas tarefas da vida cotiá. Comecei polo aerobio da ama de casa ou, o que é o mesmo, dediquei toda a sabatina mañá á limpeza e, xa co diploma de "mari" ben merecido, despregueime na "chaise longue" do cuartinho contiguo ao vestíbulo a beberme un cubata cun Ron de importación que acababa de recibir. Non quedaba nin vestixio de insectos. Observaba fachendosa aquel pisiño ordenado e "relusiente como lo schorro del oro, mi arma", que dicía a miña veciña andaluza. Por fin conseguira a harmonía necesaria no meu entorno despois de moitos anos; aquela separación servira para depurar as pertenzas e desprenderse das inutilidades que se van acumulando nas casas. Estreaba un proxecto vital cun escenario diferente, e propio, así que me sentía sanísima. Todo o mundo debería facer o mesmo cada pouco, así non andaría a xente frustrada polos recantos.

Unha vez acabada a limpeza, sentín outra mirada negra que me apuntaba desde o chan. Do repelús púxoseme o cubata de bandoleira. Non podía imaxinar qué raios podía facer AQUÍLO no meu cuarto de estar, con todo impecablemente limpo. Era negra, brillante, duns cinco ou sete centímetros de lonxitude, e cunhas antenas móbiles coas que parecía comunicarse interplanetariamente. Como coa formiga, pero con máis desconfianza por ambas partes, intercambiamos miradas; agora debería escapar, pensei, e así o fixo ata chegar ao vestíbulo, onde se volveu e me retou.

Funme deslizando pegada á parede, moi a modo —tranquila moza, respira, relaxa os esfínteres: non hai motivo de preocupación, non é unha alucinación, é só un bicho—, en dirección á cociña a buscar un arma. O espécime achegouse ao charquiño de cubata e bebeu sen pulcritude, enlamando as seis patas veludas na bebida. Con certo noxo, seguínna en cada movemento; non podía perdela de vista e que aproveitara para agacharse debaixo de calquera moble, o que daría lugar a unha busca infrutuosa. Tomei a fregona e molleina no charco coa inxenua esperanza de arrastrala a un coma etílico. Co instrumento fortemente agarrado e pingando en Ron de importación dirixínme á cascada. Si, era unha cascada descomunal, como o meu pánico; tremíanme as mans. Tan pronto como albiscou as miñas intencións relambeuse as patas e emprendeu a retirada por debaixo da porta do recibidor, de vagar, facendo algúns eses, eso si, froito dos excesos alcohólicos.

Non me din por vencida. Abrín a porta e fun tras dela; mais en metade do descansino, como adiviñando as miñas intencións, volveuse de novo. Nun tris imaxinei a miña imaxe nun espello e, ao verme coa fregona empuñada en plan torneo medieval enfrontándome a un bicho miserento, estoupei de risa. Pero de seguida conxelei a expresión ao descubrir o achegamento da miña contrincante. Púxenme a razonar de contado, non quería que a miña mente se bloqueara polo shock; recordei certas consignas de autoaxuda en situacións límite. —Danme pánico as cascadas, si, debo asumilo, pero non a vou matar pola miña incapacidade para reprimir os meus instintos violentos, a miña compulsividade, senón porque está fóra de lugar; jesta é a miña casa, coño! E, desde logo, como a esparramarme polo chan voume sentir a hostia de tranquila, faime caso Maruchi, a hostia. De ningún modo culpable, qué teima tiñan aqueles gichiños coa culpa, oes, igual que curas; pero seguro que lle darían algunha razón freudiana, seguro—. Levantei a voz porque a situación requería certa entoación para impresionar: —¡Voto a Zeus que vas caír como me chamo María Angustias Asunción Adela! Fodida bicha, seguro que che repugnan os nomes con A; pois a miña nai encántanlle, ¿entendes? A min tamén me cabrea ter as iniciais da triple A e me aguanto. Eu estaba que xa falaba soa cascada e agromando as primeiras lágrimas.

"Acoitélame unha bágoa", ¿escoitas?, como dixo a poeta de Vigo, "acoitélame unha bágoa", está escrito en serio, foi a gañadora dos xogos florais, isto da poesía...— Non dominaba as emocións, non sabía se rir ou chorar. O caso é que o trance espertou a curiosidade do bicho arrimándose cara ao zócalo do corredor nun xesto despreciativo, como se me compadecera. Sen embargo, apreciei o seu bo criterio teatral que denostaba das sobreactuacións —por deus, Adelita, atrévete a darlle un golpe de gracia, dos que ti sabes dar e pecha este asunto. Ti podes, ti podes, ti podes—, vin o rostro gestáltico da miña analista máis querida. Merda, estaba frustrada, non era quen de batela.

Ela encarouse novamente comigo; este había ser o lance definitivo; mais de pronto virouse. Non podía darlle polas costas, era innoble, nin os pistoleiros dos westerns o fan. Dinlle algún tempo de reacción, tendo en conta a inferioridade de condicións: estaba bébeda. Pero, cal é a miña sorpresa que, superando de sotaque os efluvios etílicos, vexo que enfila como una frecha directa a min. Entón non dubidei, esta era a miña oportunidade; agarrei a *tizona* e, como un *babieca*, corrín ao seu encontro. Non pensei nas forzas empregadas, só era consciente de que a suor me descendía polo colo ata os pés. Puideron transcorrer segundos que me pareceron horas, nas que a *mala leche* amoreada nos diváns, nos coxíns, nas camillas orientais fundíuse co rencor abonado sobre os seus anos de existencia, os de toda a súa especie na terra. Odiaba que as súas descendentes me foran sobrevivir, a min e a toda a humanidade; e que despois dun desastre nuclear elas serían as amas do mundo. Funme alimentando pouco a pouco dun rancoroso impulso e só pensando na victoria previa coas formigas descarguei sobre o monstro meu instinto asasino; xa non me tremían as mans. Sacudinna con forza unha e outra vez, cobrándome a débeda ontolóxica, cun esmagamento pleno ata que non quedaron síntomas vitais.

Intuíaa as súas extremidades quebradas, as alas desprendéndose do corpo, as antenas esteladas como se foran de vidro. Temía que ao elevar a fregona se tratara do segundo suposto e regresara á vida, mutante, armada sobre outro corpo: ¡Cucarachator! Mais aos meus pés caera abatida, non sei ben se un ortóptero articulado, ou un enxendro virtual inmortal.

Sentíame extenuada. No fondo, estaba satisfeita como se gañara un torneo. Entendía as sandeces que soen dicir os vencedores. Despois de asasinala, mandeina polo oco das escadas e foi tropezando cos pasamáns dos cinco andares, mentres me escoitaba o bafexo e o incesante borboroto da suor dos poros. Non sastieita do seu final, baixei ata o portal a certificar as exequias. Alí estaba, panza arriba, momificada, cun rigor mortis artístico, como recén saída do sarcófago dun faraón exipcio. Coas patas verticais aínda parecía máis impresionante. Non daba creto a súa compostura, despois da tunda que lle propinara. Pero alí xacía coas tibias e os peronés peludos ergueitos e desafiantes.

Agora tocaríalle dicir ao psicoanalista de quenda:

—Venciches ás túas pantasma, xa estás sa.

O que fai unha para menterse en pe... Xa ven, co fácil que era fumigar a casa...